

ANEXO III Referencia convocatoria: 2026/CP/037

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: PID2024-156481OB-I00			
Título: Adaptacións cardiometabólicas ao exercicio de resistencia e forza: efectos da configuración do esforzo no adestramento concorrente en mulleres posmenopáusicas			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Adaptacións cardiovasculares ao adestramento			
PERÍODO AXUDA: INICIO: 01/09/2025 FIN: 31/08/2028			
CENTRO Inv. Principal: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física			
OBJECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física (UDC). De luns a venres, de 10:00 a 13:30 h			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 18 XULLO DE 2025 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO PARA TAREFAS DE INVESTIGACIÓN (PCTI))			
Investigador/a contratado/a doutor/a ☐		Axudante de apoio á investigación ☐	
Xestor/a de investigación ☐ MECES Elegir		Técnico/a administrativo/a e de xestión ☐	
Colaborador/a de investigación ☐ MECES Elegir		Axudante administrativo/a ☐	
Técnico/a de apoio á investigación ☒ MECES 3			
XORNADA	Tempo Completo: ☐	Tempo Parcial: ☒	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/05/2026
TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☐		Duración determinada ☒	
		DATA FIN CONTRATO: 30/04/2028	
RETRIBUCIÓN BRUTAS: 1.083,33 €*			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0599251248 541A 64902			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Mestrado
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): TITULARES: Eliseo Iglesias Soler; Manuel Avelino Giráldez García; María Rúa Alonso. SUPLENTEs: Xurxo Dopico Calvo; José Luis Tuimil López; Luis Morenilla Burló
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña/Ferrol, 13 de Febreiro de 2026

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Eliseo Iglesias Soler

**IGLESIAS
SOLER
ELISEO - DNI
35454602X**

Firmado digitalmente
por IGLESIAS SOLER
ELISEO - DNI
35454602X
Fecha: 2026.02.13
18:45:57 +01'00'

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

A contratación dun/-ha investigador/-a en formación está contemplada na memoria económica do proxecto, na que se indica o seguinte: "Contéplase a contratación a tempo parcial dun/-ha investigador/-a asociado/-a por un período de dous anos, que colaborará na preparación do equipamento, na xestión de mostras e na supervisión de procedementos. O proxecto implica un plan de intervención ambicioso que require un número significativo de horas. Cada muller participante asistirá ao laboratorio un total de 106 veces".

O perfil será de graduado/-a e mestrado en investigación e/ou en exercicio físico. De maneira máis específica, precisase unha persoa con título de mestrado con perfil investigador en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, que amose competencia e experiencia no rexistro e análise de variables cardiovasculares e de control autonómico cardíaco: variabilidade da frecuencia cardíaca, variabilidade da presión arterial, sensibilidade barorreflexa, rixidez arterial mediante medición da velocidade da onda de pulso, análise do consumo de osíxeno, etc.

Así mesmo, o/a candidato/-a deberá posuír experiencia no deseño, monitorización e estudo do exercicio de forza. Para iso será necesario contar con experiencia no uso de instrumentos de rexistro de variables relacionadas co rendemento mecánico: encóder lineal, sensores de forza, plataformas de forza, plataformas de contacto, células de forza, células fotoeléctricas.

Igualmente, a persoa contratada deberá desempeñar labores de apoio na análise de datos, para o que é preciso amosar competencia no manexo de SPSS, Excel e R. Finalmente, o/a investigador/-a terá entre as súas funcións tarefas de xestión da mostraxe (contacto coas compoñentes da mostra, calendarización, etc.) e de supervisión das intervencións.

A valoración dos/das candidatos/-as realizarase mediante a aplicación do seguinte BAREMO, cuxa puntuación máxima será de 10 puntos.

FORMACIÓN (MÁXIMO 5 PUNTOS)

--- Título de mestrado no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte con perfil investigador: 4 puntos.

Multiplicarase esta puntuación polo seguinte coeficiente: nota media obtida no título de mestrado/10

--- Título de mestrado no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte sen perfil investigador: 1,5 puntos.

Multiplicarase esta puntuación polo seguinte coeficiente: nota media obtida no título de mestrado/10

--- Título de mestrado sen vinculación directa coas Ciencias da Actividade Física e do Deporte: 0,75 puntos.

Multiplicarase esta puntuación polo seguinte coeficiente: nota media obtida no título de mestrado/10

--- Premio extraordinario no título de mestrado no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte con perfil investigador: 1 punto

--- Premio extraordinario no título de mestrado no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte sen perfil investigador: 0,5 puntos

--- Premio extraordinario no título de mestrado fóra do ámbito das ciencias da actividade física e do deporte: 0,25 puntos

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

--- Cursos de formación específica no ámbito da investigación en ciencias da actividade física e do deporte ou na análise de datos: 0,50 puntos por cada curso de polo menos 5 horas

--- Acreditación de nivel de inglés C2: 0,75 puntos

--- Acreditación de nivel de inglés C1: 0,5 puntos

--- Acreditación de nivel de inglés B2: 0,25 puntos

PUBLICACIÓNS (MÁXIMO 2,5 PUNTOS)

--- Artigo incluído nunha revista pertencente ao JCR con temática afín aos obxectivos do proxecto: 1 punto por artigo

--- Artigo incluído nunha revista pertencente ao JCR con contido propio das ciencias da actividade física e do deporte pero sen afinidade coa temática do proxecto: 0,75 puntos por artigo

--- Artigo en revista non incluída en JCR pero pertencente ao SJR e con temática afín aos obxectivos do proxecto: 0,5 puntos por artigo

--- Artigo en revista non incluída en JCR pero pertencente ao SJR con contido propio das ciencias da actividade física e do deporte pero sen afinidade coa temática do proxecto: 0,25 puntos por artigo

--- Libro con ISBN e contido afín á temática do proxecto: 1 punto por libro

--- Libro con ISBN e contido non afín á temática do proxecto: 0,5 puntos por libro

--- Capítulo de libro con ISBN con contido afín á temática do proxecto: 0,5 puntos por capítulo. Non se considerará máis dun capítulo por libro e sempre que o/a candidato/-a non sexa autor deste último

--- Capítulo de libro con ISBN con contido non afín á temática do proxecto: 0,25 puntos por capítulo. Non se considerará máis dun capítulo por libro e sempre que o/a candidato/-a non sexa autor deste último

--- Ponencia invitada en congreso con contido afín á temática do proxecto: 0,3 puntos por cada ponencia

--- Ponencia invitada en congreso con contido propio das ciencias da actividade física e do deporte pero sen afinidade coa temática do proxecto: 0,15 puntos por cada comunicación

--- Comunicación en congreso con contido afín á temática do proxecto: 0,25 puntos por cada comunicación

--- Comunicación en congreso con contido propio das ciencias da actividade física e do deporte pero sen afinidade coa temática do proxecto: 0,1 puntos por cada comunicación

ENTREVISTA PERSOAL (MÁXIMO 2,5 PUNTOS)

A entrevista versará sobre o dominio do/a candidato/-a dos contidos abordados no proxecto. Así mesmo, realizaranse valoracións de competencias no manexo de dispositivos e software necesarios para a medición e rexistro das variables dos estudos do proxecto e para as análises estatísticas.

Para integrar a lista de agarda, o/a candidato/-a deberá acadar unha puntuación igual ou superior a 2,5 puntos no apartado de FORMACIÓN e igual ou superior a 1 punto no apartado de PUBLICACIÓN

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*